

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEDEUME

Rectificación de erros materiais do Decreto 454/2020, do 6.8.2020, de aprobación das bases da convocatoria para entidades colaboradoras. Librerías, papelerías e empresas do sector

Rectificación de erros materiais do Decreto 454/2020 de 06/08/2020 de aprobación das “Bases da convocatoria para entidades colaboradoras. Librerías, papelerías e empresas do sector”.

No BOP n.º 128, do 12.08.2020, publicábase o anuncio de “Bases de convocatoria para entidades colaboradoras (librerías, papelerías e empresas do sector)”

Por Decreto da Alcaldía n.º 461/2020, do 13/08/2020, resolveuse a rectificación de erros materiais do Decreto 454/2020, do 06/08/2020, cuxo contido se transcribe, en estrato:

“...//...PRIMEIRO.–Rectificar o erro material do Decreto de Alcaldía n.º 454/2020 de 06/08/2020 de aprobación das “Bases da convocatoria para entidades colaboradoras. Librerías, papelerías e empresas do sector”, conforme ao seguinte:

Na PARTE EXPOSITIVA, onde di:

“...//...”

Logo de ver a providencia de alcaldía de data 21/07/2020 de incoación do expediente para a aprobación das “Bases reguladoras de concesión de axudas ás familias para a adquisición de material escolar. Curso Escolar 2020-2021. Segundo ciclo de Educación Infantil, Primaria e ESO” do Concello de Pontedeume.

...//...”

Debe dicir:

“...//...”

Logo de ver a providencia de alcaldía de data 21/07/2020 de instrución do correspondente expediente para tramitar as Bases convocatoria para entidades colaboradoras (librerías, papelerías e empresas do sector),” do Concello de Pontedeume.

...//...”

E na PARTE RESOLUTIVA, conforme ao contido do documento de bases contido na dita providencia:

Onde di:

“...//...”

5.-Beneficiarios.

Poden concorrer a este programa todas aquelas librerías, papelerías e empresas do sector de Pontedeume que teñan ó día o pago en licencias e impostos.

As librerías/papelerías e asociacións do sector deberán acollerse ás seguintes bases,recollidas no posterior convenio que se firmará entre a entidade solicitante e o Concello de Pontedeume.

O convenio terá unha validez de 4 anos, puidendo actualizarse a lista de entidades colaboradoras anualmente, mediante solicitude presentada ao efecto polos interesados entre o 1 de xuño e o 20 de agosto de cada ano.

...//...”

Debe dicir:

“...//...”

5.-Beneficiarios.

Poden concorrer a este programa todas aquelas librerías, papelerías e empresas do sector que teñan ó día o pago en licencias e impostos.

As librarías/papelerías e asociacións do sector deberán acollerse ás seguintes bases, recollidas no posterior convenio que se firmará entre a entidade solicitante e o Concello de Pontedeume.

O convenio terá unha validez de 4 anos, podendo actualizarse a lista de entidades colaboradoras anualmente, mediante solicitude presentada ao efecto polos interesados entre o 1 de xuño e o 20 de agosto de cada ano.

...//...”

...//...”

O que se publica para xeral coñecemento e en cumprimento do contido da dita Resolución.

Documento asinado dixitalmente por D. José Simoes Couceiro, alcalde en funcións (delegación conferida por Decreto 459/2020 do 11 de agosto de 2020), en Pontedeume a 13 de agosto de 2020.

2020/5673